



CONCELLO DE GOMESENDE

32212 Sobrado, nº 1 Gome sende - Ourense
Teléfono: 988 485000 / Fax: 988 485001

CONTRATACION DE PERSOAL PARA A ACTUACIÓN DENOMINADA: SERVIZO DE LIMPEZA DE ZONAS PÚBLICAS DO CONCELLO DE GOMESENDE, INCLUÍDA DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL 2016.

Os postos seguintes:

- (3)PEÓNS DE LIMPEZA

O contrato da actuación terá unha duración de 6 meses, cunha xornada diaria a tempo completo (100%), baixo a modalidade contractual de “contrato de traballo de duración determinada de interese social”. As retribucións brutas totais mensuais do /a traballador/a, son as establecidas segundo a publicación oficial do convenio colectivo que resulta de aplicación, correspondéndolles:

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reuni-los seguintes requisitos:

1. Requisitos específicos: Estar en posesión do carné de conducir tipo B.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

O Concello presentará oferta xenérica de emprego na Oficina Pública de Emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos que deban reunir os traballadores que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados.

O sistema de selección a empregar consistirá nun concurso de méritos, no que se procederá á valoración dos méritos alegados polos diferentes candidatos, coa finalidade de valorar a adecuación e idoneidade dos aspirantes remitidos polo Servizo Público de Emprego para o adecuado desenvolvemento das funcións, contidos e actividades do posto obxecto de cobertura.

A estes efectos, no proceso de selección valoraranse os méritos, cuxa documentación deberá entregarse no Rexistro Xeral do Concello de Gome sende, no prazo máximo de tres días hábiles dende o día seguinte a comparecencia no Concello e entrega aos candidatos das bases de selección.